



**Grupo Provincial Socialista**  
Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

**ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ**, deputada provincial do Grupo Socialista na Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte:

### **EXPOSICIÓN MOTIVOS:**

Na presentación do proxecto “EURO-REGIÓN TERMAL Y DEL AGUA” afirmase que:

“A Deputación de Ourense como Xefe de Fila do proxecto Euro-Rexión Termal e da Auga, aposta por liderar, en colaboración con socios portugueses e galegos, o desenvolvemento da Área Transfronteiriza Chaves-Verín, mediante o impulso do sector turístico ligado ao termalismo. O obxectivo é a creación do Centro de Formación Turístico-Termal e de Investigación da Auga Transfronteirizo con dúas sedes; unha Escola Hoteleira Termal en Verín, un Balneario-Escola e un Laboratorio de Investigacións Termais e da Auga en Chaves así coma unha ruta termal en toda a área transfronteiriza; impulsando e poñendo en valor un territorio de referencia en termalismo a nivel europeo, como motor de emprego e desenvolvemento”.

### **SOLICITO:**

- 1.- Memoria e orzamento do proxecto Euro-Rexión Termal e da Auga que anuncia a Deputación.
- 2.- Informe Técnico do Proxecto sobre a creación do Centro de Formación Turístico-Termal e de Investigación da Auga Transfronteirizo e Certificación da Dotación Orzamentaria.
- 3.- Características da Ruta Termal, coa memoria e orzamento da mesma, indicando as achegas das entidades participantes.
- 4.- Memoria coas características e orzamento da Escola Hoteleira Termal en Verín coa indicación das achegas de cada entidade participante.



**Grupo Provincial Socialista**  
Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

- 5.- Achega da Deputación para cada unha das actuacións previstas e certificación da dotación orzamentaria comprometida.
- 6.- Acceso o expediente da totalidade do proxecto e de cada unha das actuacións previstas.

En Ourense, 8 de setembro de 2016

Asdo. Elvira Lama Fernández.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACION DE OURENSE**

email: [gruposocialista@depourense.es](mailto:gruposocialista@depourense.es)  
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)  
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)